

**□ BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA
SEIS DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE.**

Na Casa do Concello de Valdoviño, no Salón de Sesi3ns, o d3a seis de xullo de dous mil quince, 3s nove horas e trinta minutos, previa convocatoria efectuada regulamentariamente re3nese en primeira convocatoria o Pleno da Corporaci3n, co fin de celebrar sesi3n extraordinaria; presidida a sesi3n polo Sr. Alcalde, don Alberto Gonz3lez Fern3ndez e con asistencia de t3dolos concelleiros, que de seguido se expresan:

Partido dos Socialistas de Galicia- Par3dtido Socialista Obreiro Espa3ol PSdeG-PSOE

Alberto Gonz3lez Fern3ndez
Rosa Ana Garc3a L3pez
Sergio Saavedra Guti3rrez
Benito Manuel Vega Fern3ndez
Jessica Sabin Fern3ndez
Alejandro Antonio Garc3a Sousa

Partido Popular- PP

Jos3 Antonio Vigo Lago
Esteban Garc3a Alonso
Jos3 Antonio Rodr3guez Fern3ndez
Mar3a Cristina Freire Aneiros

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

Luis Manuel Beceiro Rodr3guez

Unidos por Valdoviño (UV)

Manuel Javier Bacorelle Robles

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Carlos Alberto Ameneiros Serantes

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota Gonz3lez Navarro e da interventora do concello, dona Paula Campos Rodr3guez; sesi3n na que se adoptaron os seguintes acordos e se tomou coñecemento doutros, segundo a Orde do D3a:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE DE 13 DE XUÑO DE 2015.-

O Pleno da Corporación aprobou a acta mencionada, en votación ordinaria e por unanimidade.

2º.- COÑECEMENTO POLO PLENO DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS E OS SEUS VOCEIROS.-

Ao abeiro do estipulado nos artigos 23 a 25 do ROF e artigos 74 e seguintes da Lei de Administración Local de Galicia, e Vistos os escritos presentados polos grupos que teñen representación na Corporación, dáse conta dos mesmos así como dos seus compoñentes, voceiros e suplentes:

Grupo municipal PSdeG-PSOE:

D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
D^a ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
D. SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ
D. BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ
D^a. JESSICA SABIN FERNÁNDEZ
D. ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

VOCEIRO.- ROSA ANA GARCIA LÓPEZ
SUPLENTE.- . SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ.

Grupo Municipal Partido Popular:

D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO
D. ESTEBAN GARCIA ALONSO
D. JOSE ANTONIO RODRIGUEZ FERNÁNDEZ
D^a. MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

VOCEIRO.- JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO
SUPLENTE.- ESTEBAN GARCIA ALONSO

Grupo Municipal CENVAL.-

D. LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ
VOCEIRO .- O MESMO.

Grupo Municipal Unidos por Valdoviño:

D. MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES.
VOCEIRO .- O MESMO

Grupo Municipal BNG.-
CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES
VOCEIRO .- O MESMO

Valdoviño, 06 de xullo de 2015
O alcalde,
Asdo: Alberto González Fernández.

A Secretaria municipal deu lectura da composición dos grupos ante o Pleno, quen tomou coñecemento.

3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS PLENARIAS.-

A Secretaria, Sra. González Navarro, da lectura da seguinte

Proposta da Alcaldía-Presidencia:

“Para dar cumprimento o disposto nos artigos 38 e 78 do RD2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes, someto a consideración do Pleno aprobar a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Valdoviño celebrará **sesión ordinaria**, con **periodicidade mensual**, o **terceiro venres de cada mes ás 20:00 horas**. No caso de que coincida en festivo trasladarase ao día laborable anterior.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Valdoviño, 02 de xullo de 2015.
O alcalde,
Asdo.- Alberto González Fernández”

Explica o Sr. Alcalde, que se retoma a proposta inicial do mandato anterior, con obxecto de facilitar a asistencia do público.

Apunta o Sr. Vigo Lago que sería quizáis mellor os xoves pola tarde, indicando que o considera sobre todo pensando no persoal – traballadores municipais-.

Responde o Sr. Alcalde que se verá co tempo a posibilidade de cambialo.

O Sr. Bacorelle considera boa a proposta da Alcaldía, dos venres pola tarde.

O Sr. Ameneiros Serantes, di que él tería en conta a proposta do xoves, igualmente polo persoal do concello, pero que votará a favor da proposta de hoxe. O que sí ve importante, que a celebración do pleno sexa pola tarde.

O Sr. Beceiro Rodríguez, asente ao expresado polo Sr. Ameneiros.

Votase a proposta de Alcaldía, que queda aprobada pola Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade.

4º.- DAR CONTA DE DECRETOS DE ALCALDIA 222/2015 (NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE E XUNTA DE GOBERNO) E 223/2015 (DELEGACIÓN DE ÁREAS).-

A Secretaria, da lectura íntegra dos decretos núms. 222 e 223 de 2015, que se reproducen literalmente:

“DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA Nº 222 /2015

Descrición decreto : Nomeamento de Tenentes de Alcalde e Xunta de Goberno

Resultando que o pasado día 13 de xuño de 2015 tivo lugar a constitución do Concello de Valdoviño, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o vinte e catro de maio e resultando proclamado Alcalde o que suscribe,

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:

- 1º.- Don ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
- 2º.- Don SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ
- 3º.- Don BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ
- 4º.- Dona JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- A Xunta de goberno local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada polos anteditos Tenentes de Alcalde, terá as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente e asesoramento ó Alcalde no exercizo das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía, de forma expresa delega na mesma e que son as seguintes:

- 1.- A concesión de toda clase de licenzas; agás as licenzas de obra menor.
- 2.- As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e suministros, ás que fai referencia o artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, que teñan un importe superior 3.005,06 euros.
- 3.- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presupuesto.
- 4.- Dispoñer gastos con contía superior a 3.005,06 euros, dentro dos límites que competan ó Alcalde e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Presupuesto Municipal, así como aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do presuposto municipal e que fosen recibidas polo Servizo de Intervención-Tesourería, sempre que a contía individual de cada unha exceda de 3.005,06.
- 5.- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento xeral non expresamente atribuídas ó pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- 6.- Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen perxuízo das facultades do pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos.
- 7.- A aprobación das certificacións de obras, cando a súa contía supere os 3.005,06 euros, así como as actas de recepción de obras, servizos e suministros dos que sexa competencia súa a contratación.
- 8.- Informa-los expedientes relativos a actividades clasificadas, así como informar en expedientes relacionados coa concesión de licenzas urbanísticas.
- 9.- A adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto nen o importe de 3 millóns de euros, así coma a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nen a contía indicada.

A Xunta de goberno local celebrará sesión ordinaria semanalmente os xoves, ás 9 horas e 30 minutos.

CUARTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

QUINTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os nomeamentos efectuados, que surtirán efecto dende o día de hoxe, con independencia da data de publicación, de conformidade co previsto no artigo 44 do Regulamento de Organización das Entidades Locais.

SEXTO.- Notificar os nomeamentos aos interesados e dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Dado na Casa do Concello de Valdoviño, a vinte de xuño de dous mil quince.

O ALCALDE,
Asdo.- Alberto González Fernández

Perante min :
A SECRETARIA,
Asdo.- Carlota González Navarro”

“DECRETO DE ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 223/2015

Descripción decreto : Delegacións de áreas pola Alcaldía Presidencia

Resultando que o pasado día 13 de xuño de 2015 tivo lugar a constitución do Concello de Valdoviño, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o vinte e catro de maio/2015 e resultando proclamado Alcalde o que suscribe,

De conformidade co preceptuado nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 43 e 44 e 114 e 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,

En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legais citados,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar as delegacións especiais que se sinalan a favor dos concelleiros seguintes:

.- Planificación Territorial e Xestión Administrativa.- Don SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ. Esta área será compartida coa Alcaldía.

.- Cultura, Educación, Xuventude, Servizos Sociais, Sanidade e Turismo.- Dona ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ e Dona JESSICA SABIN FERNÁNDEZ.

.- Obras e Servizos.- Don BENITO VEGA FERNÁNDEZ e Don ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Por imperativo legal a delegación especial comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delegan, pero sen capacidade resolutive mediante actos administrativos que afecten a terceiros; o ámbito de actuación dos asuntos a que se refiren as delegacións será o correspondente a todo o término municipal.

SEGUNDO.- O presente Decreto de delegación da atribucións surtirá efecto dende o día seguinte á presente resolución.

TERCEIRO.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre notificándose aos designados e publicarase no Boletín oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.

En Valdoviño, a vinte de xuño de dous mil quince.

O ALCALDE
Asdo.- Alberto González Fernández

Perante min :
A SECRETARIA
Asdo.- Carlota González Navarro”

O Pleno tomou razón do contido dos decretos expresados.

5º.- .- PROPOSTA DE CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIONS INFORMATIVAS.

Le a Secretaria municipal a proposta de Alcaldía, do tenor literal que segue:

“Considerando que é inherente ao sistema democrático que o goberno dos Concellos sexa ostentado pola maioría natural pero conxugando este principio se fose posible coa participación de todas as forzas políticas en todos os órganos colexiados.

Sendo un principio do bo goberno que aquel que ten a responsabilidade de gobernar debe de estruturar á administración e polo tanto os órganos decisorios e consultivos da forma máis idónea para a defensa dos intereses xerais intentando que exista unha maior participación dos representantes políticos nas tarefas de goberno coa finalidade de lograr unha eficacia na súa actuación con economía de medios persoais e materiais.

Polo tanto e a efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do ROF e disposicións concordantes popoño o Pleno para a súa aprobación se procede a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Crear as seguintes Comisións informativas de carácter permanente:

.- Comisión Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente que terá como cometido o informe das contas da Corporación, especialmente as anuais do Presuposto; supervisión de todas as contas municipais; informe das reclamacións, reparos e observacións que se formularan ás contas durante a súa exposición ó público e emisión de ditames sobre calquera asunto de orde económico, cando o solicitara a Alcaldía, o Pleno ou a Xunta de Goberno.

.- Comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa.-
Terá como cometido a planificación urbanística, en todos os seus niveis, coordinación da redacción do planeamento xeral o réxime do solo, ordenanza de uso e todo o relacionado coa actividade urbanística municipal; protección, conservación e xestión dos recursos medioambientais, tanto naturais coma culturais do término municipal; todo tipo de actuacións de desenvolvemento económico, encamiñadas aos sectores produtivos, industriais e de comercio, terá coma cometido o informe de asuntos relativos a contribucións e impostos, taxas e arbitrios, a ingresos municipais; operacións de crédito e, en xeral, todo o relacionado coa facenda municipal, sen prexuízo das atribucións específicas da Comisión especial de Contas; así como o fomento de actividades e promoción de instrumentos de desenvolvemento local; fomento das actividades deportivas municipais, así coma outras materias que non sexan competencia doutra comisión e estean relacionadas coas anteriores.

.- Comisión informativa de Educación, Cultura, Xuventude, Servizos Sociais, Sanidade e Turismo.-

Terá como cometido a relación cos centros educativos, coas asociacións, o relacionado coas exposicións, museos, arquivos, biblioteca e toda clase de actividades culturais, promoción da Xuventude, desenvolvemento e control dos programas sanitarios públicos dentro das competencias municipais, control sobre a calidade dos elementos medioambientais e de consumo, control sobre o cumprimento da normativa en instalacións nocivas, perigosas ou molestas, planificación e seguimento da atención social a persoas con especiais dificultades económicas e doutra natureza do benestar social, promoción, fomento e oferta de todo tipo de actividades turísticas, así coma outras materias que non sexan competencia doutra comisión e estean relacionadas coas anteriores.

.- Comisión informativa de Obras e Servizos.- Terá como cometido o desenvolvemento de programas e planes de obras públicas do municipio, o mantemento e conservación de infraestructuras, así coma outras materias que non sexan competencia doutra comisión e estean relacionadas coas anteriores.

En aplicación do artigo 125 do ROF cada Comisión informativa estará integrada por nove membros: TRES representantes do PSdeG-PSOE máis o Sr. Alcalde, DOUS representantes do PP, UN representante do grupo municipal de CENVAL, UN representante de U POR V e un representante do BNG).

Debendo os grupos citados dar a asdscrpción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte das Comisión no prazo de tres días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a constitución e composición da citada Comisión mediante escrito do voceiro do grupo municipal dirixido ao Alcalde e do que se dará conta no primeiro Pleno que se celebre; podendose designar un suplente por cada titular.

Réxime de reunións e funcionamento:-

A **periodiciade** das Comisiones Informativas ordinarias; **será mensual, o luns anterior á celebración do Pleno Ordinario**, sempre que fora necesaria a súa celebración.

En todo o non previsto neste acordo estarase ao disposto na normativa de aplicación.

SEGUNDO.- A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde.

En casos de ausencia do Sr. Alcalde, poderá presidir a Comisión Informativa o Delegado da Área.

TERCEIRO.- Facultar a Sr. Alcalde-Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Valdoviño, 02 de xullo de 2015
O Alcalde,
Asdo.- Alberto González Fernández”

Informa o Sr. Alcalde que pensando no punto de vista de xestión ademáis da comisión de Contas, créanse tres comisións (tres áreas amplias traballando en cada unha delas dous concelleiros). Unha área de execución, a de obras e servizos, unha área social, que abarca educación cultura, sanidade e servizos sociais e incluso turismo e unha terceira área de xestión administrativa e urbanística.

De que en canto a representatividade, outorganse a todos os grupos representación en tódalas comisións, sen grupo mixto, contando os grupos maioritarios coa metade de membros nas comisións.

Opina o Sr. Vigo Lago que o seu grupo non está representado de forma proporcional, polo que van estudar este tema.

Xustifica o Sr. González Fernández, que en caso dalgunha carencia dende o punto de vista de representación, se falará entre todos en Xunta de voceiros, pero que consideran que esta fórmula que propoñen é operativa, porque con máis membros nas comisións, convertiríanse en pleno, porque nos iríamos a 11 membros.

Sr. Rodríguez Fernández.- Estamos dacordo en que non exista grupo mixto, e teñan todos os grupos representación (xa foi así no pasado mandato) pero pensamos que a nosa representación deberá ser con outro concelleiros- deberíamos ter tres membros nas comisións.

Sometese a votación a proposta de Alcaldía que se aproba por unanimidade dos corporativos e mediante votación ordinaria.

6º.- PROPOSTA DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.-

A Secretaría municipal da lectura da seguinte

PROPOSTA DA ALCALDIA

“Constituída a Corporación de Valdoviño, procede agora en cumprimento do 38.c) do ROF efectuar o nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados, polo que esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno:

PRIMEIRO.- Nomear como representante do Concello de Valdoviño, ante os Consellos Escolares a Dona ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ.

SEGUNDO.- Nomear como representante do Concello de Valdoviño, ante a Mancomunidade de Municipios de Ferrolterra ao Sr. Alcalde, D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.

TERCEIRO.- Nomear como representante do Concello de Valdoviño na Asociación Costa Noroeste a Don ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.

CUARTO.- Nomear como representante do Concello de Valdoviño no Grupo de Acción Costeira –GAC 1- A MARINA-ORTEGAL, a Don ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

QUINTO.- Nomear como representante do Concello de Valdoviño na Sociedade Mixta de Turismo a Don ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Notificar o presente acordo aos concelleiros/as nomeados/as así como dar traslado dos nomeamentos ás Entidades sinaladas para a toma do seu coñecemento e aos debidos efectos.

SEXTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a a execución do presente acordo.

Valdoviño, 02 de xullo de 2015

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”.

O Sr. Alcalde di que quere aclarar que no caso do representante do Consello Escolar ten que ser nomeamento expreso, nos outros entes podese nomear a calquera outra concelleiro, e como algúns temas poden corresponder a concelleiros dunha área ou doutra e o Alcalde podelle facer o nomeamento, de hai que figure en principio o Alcalde, non se fai co fin de que vaia sempre o Alcalde.

Queda sen facer nomeamento para a Mesa de Comercio, en espera de facer proposta de xeito que poida ser representante un membro doutro grupo, como xa ocorrira ao principio no anterior mandato.

O Pleno en votación ordinaria, e por unanimidade prestou aprobación á proposta de Alcaldía.

7º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA SOBOR DE RETRIBUCIÓN E ASISTENCIAS.

“De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, proponho o Pleno do Concello de Valdoviño para a súa aprobación se procede da seguinte

MOCIÓN;

PRIMEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñasen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

.- Por asistencia a Plenos: Cen euros (100 euros) por sesión.

Por asistencia á Xunta de goberno local, oitenta euros (80 euros) por sesión.

Por asistencia a Comisións informativas e Mesas de contratación cincuenta e cinco euros. (55 euros) por Comisión e por Mesa.

SEGUNDO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.
- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo; sendo obxecto de exposición publica quince días para alegacións e entendéndose o acordo como definitivo de non presentarse alegacións”.

Valdoviño, 02 de xullo de 2015.

ALCALDE

Asdo: Alberto González Fernández”

Comenta o Sr. González Fdez, que manteñen a proposta existente, tendo en conta que se precisa dun plan económico.

Di o Sr. Alcalde que lle acaba de indicar a interventora que en reunións externas de menos de cinco horas, non se ten dereito a percepción.

O Sr. Ameneiros apunta a valoración de poñer un límite ao número de plenos, por exemplo en 200 euros (correspondente a dous plenos) e igualmente nas comisións (máximo o importe correspondente a dúas comisións ao mes na mesma área), pois normalmente tampouco hai máis de dúas sesións de pleno ou de cada comisión o mes.

O Sr. Saavedra Gutiérrez di que está dacordo co dito polo concelleiro do BNG, pero incluso que o cómputo non sexa mensual e sexa abyak

Manifesta o Sr. Alcalde, que está dacordo con isto e que se falará; , de feito agora prevese ter que facer pleno para Conta Xeral, Plan Estabilidade.... coas correspondentes comisións.

Rematados os asuntos da Orde do Día, sendo as dez horas e quince minutos, o Sr. Alcalde da por rematada e levanta a sesión.

O Alcalde,

A Secretaria,